

Mesía, 1990

Informante: Descoñecido

Compilador: Baldomero Iglesias

Autor do rexistro: Un alumno do compilador

Transcrición: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

*Mira, Maruxiña
remenda a mantilla
que a tes rachada
por baixo e por riba*



*por baixo e por riba
e por darredor-e
mira, Maruxiña
remenda millor-e.*



1. Eí che vai, Maruxiña
eí che vai, eí che vai
coa gaitiña, ai, ao lombo
por detrás do pinar.



*Mira, Maruxiña
mira como veño
veño da taberna
que xa non me teño*

*que xa non me teño
que me vou a ter-e
mira, Maruxiña
veño de beber-e.*